

CAMAÑO XESTIDO

NA PROCURA DUN MUNDO PROPIO
UNHA VIAXE DO BARRO AO BRANCO

Ramón Rozas





A Mangallona. Un territorio íntimo, un universo de creación e de reafirmación persoal. Unha conquista á que se chegou tras décadas vividas cunha intensidade arrebatadora, unha forma de entender a vida que cómpre pillar polo pescozo e extraer todo o seu zume.

Camilo Camaño Xestido fixo xirar toda a súa existencia desde a procura dun mundo propio, na consecución dun país no que ondee a bandeira da liberdade, da paixón pola creatividade e a inspiración para xerar unha traxectoria artística aferrada á realidade (...), unha entrega sen límite de horas, días, meses e anos para rexistrar a nosa realidade mediante o nexo directo que convocan familia, veciños, terras, ríos, mares, montañas ou ceos, onde en boa medida se pecha a verdade do ser humano, o espello diante do que nos descubrimos a nós mesmos. Todos eles son os lindes desa nación chamada “A Mangallona”.





FUNDACIÓN
CASA - MUSEO DE CAMAÑO XESTIDO
A MANGALLONA

AGRADECEMENTOS

Nada sería igual sen a incondicional colaboración de Henrique Harguindey Banet e Xosé Manuel Pazos Varela. Asimesmo sen a xenerosidade, entrega e compromiso co proxecto de “A Mangallona” de Emilio Alfonso Fernández Sotelo e Borja Brun. A eles é propósito dedicar esta publicación.

Proxecto creativo: Camilo Camaño Xestido
Percorrido cronolóxico e reflexións sobre a obra de Camilo Camaño Xestido

Texto: Ramón Rozas
“Na procura dun mundo propio. Unha viaxe do barro ao branco”
Colaboracións: Xaquín Agulla - Bernardino Graña - Xosé Vázquez Pintor
Ramón Faraldo Descalzo - M. Jalda - Xosé Manuel Pazos Varela
Revisión dos textos: Henrique Harguindey Banet

Fotografía: Borja Brun
Teresa Palmás (fotos autor) - Rossana Carracelas (foto “La Usurpada”, px. 111)
Dirección de imaxe: Borja Brun
Maquetación e coordinación: M. Jalda - Borja Brun - Beatriz Giráldez · bybe

Edita: Fundación Casa - Museo de Camaño Xestido “A Mangallona” A.C.
Cadernos de “A Mangallona” N° 3

Imprime: Gráficas Lasa, S.L. - Padrón

Depósito legal: PO 586-2015
ISBN: 978-84-608-3304-8

O material gráfico (fotografías e obra do pintor) desta publicación é propiedade da Fundación Casa - Museo de Camaño Xestido “A Mangallona” A.C.

©Todos os dereitos reservados. Ningunha parte deste libro pode ser reproducida, almacenada nun sistema informático ou transmitida de calquer xeito ou por calquer medio electrónico, mecánico, fotocopia, gravación ou outros medios, sen a previa autorización escrita do autor.

CADERNOS DE A MANGALLONA - Nº 3

CAMAÑO XESTIDO

Na procura dun mundo propio
Unha viaxe do barro ao branco
Por Ramón Rozas

Un percorrido por medio século de creación dende a figuración ao conceptualismo
do costumismo ata tendencias puramente conceptuais.





Camilo Cela Xestido por Teresa Palmás Veiga

Camaño Xestido, Camilo

Durante innumerables ocasións, todos aqueles que dunha maneira ou outra aprofundamos no vasto e apaixonante mundo de “A Mangallona”, fomos conscientes da necesidade de poder compilar e conservar toda a información posible sobre a vida e obra de Camaño Xestido.

Cincuenta anos, medio século de dedicación plena ao mundo da cultura en xeral e a arte en particular, deron pé a numerosas publicacións, moitas delas sen investigar, outras de forma insuficiente, ben mediante artigos, catálogos, documentos gráficos, partituras, poemas, etc. que sen dúbida debido á súa magnitude han constituír un proxecto de difícil resolución, pero de certo que A Fundación ten o deber de intentalo dalgún xeito, preservando así toda a riqueza biográfica e artística que contén ese gran ventre que conforman o artista e “A Mangallona”.



Emilio Alfonso Fernández Sotelo, membro de honra e colaborador da “Fundación Casa Museo de Camaño Xestido - A Mangallona AC.”, puxo en marcha un ambicioso deseño, que baixo o xenérico título de “Cadernos de A Mangallona”, pretende seguir investigando e ao tempo editar unha serie de publicacións, de maneira que ao ir fraccionando en libros de formato máis manexable, sería moito máis factible levar a cabo ese labor de recompilación da complexa, extensa e intensa vida e obra de Camilo Camaño Xestido, artista multidisciplinar, creador e protagonista absoluto deste complicado e ilusionante proxecto.

Comeza esta serie de publicacións, pois así el o decide malia o contido crú co documento gráfico dunha performance e instalacións-intervencións realizadas por Camaño Xestido nun múltiple encontro de artistas internacionais levado a cabo en Forcarei no ano 2002 baixo o título “ARTE E NATUREZA”. Talvez o documento máis descarnado e íntimo do artista, onde el mesmo fai unha declaración de intencións en favor da Humanidade e o medio que a acubilla.

Nunha segunda publicación desta serie, consideramos de interese editar do xeito máis didáctico posible, todo o relacionado co conxunto museístico, continente e contidos de “A Mangallona”.

É o periodista, escritor e crítico de arte Ramón Rozas quen nos adentrará nesta terceira entrega, coa súa pluma áxil e culta e coa certeza de quen coñece en profundidade a filosofía e obra do autor que nos ocupa, polo vasto e complexo

mundo do seu facer e, o conxunto de “A Mangallona”, epicentro da vida privada, sociocultural e artística de Camaño Xestido, levándonos da man por toda a súa frutuosa existencia, por medio dun delicado e ao tempo profundo texto, baixo o título de “NA PROCURA DUN MUNDO PROPIO. UNHA VIAXE DO BARRO AO BRANCO”.

Así mesmo irán sucedéndose diversas aportacións: comentarios, poemas e documentos doutros artistas e personaxes ilustres que compartiron verbo, mantel e pincel con Camilo.

Cada publicación encadearanos a outra e esta a outra e outra máis, o que nos leva a saber onde comezamos pero é imposible dilucidar onde concluiremos.

Sen dúbida cada unha destas publicacións iranos introducindo nese complexo e intrigante mundo, mergullaremos na súa vida, na súa contorna e obra. Quedarán ben patentes, os diferentes motivos que o levan a crear, por que se producen determinadas rupturas, de que maneira lle inflúe o seu arredor e que significa realmente para el ese particular mundo que crea á súa medida, algo que se reflicte en cada obra e en cada centímetro do conxunto arquitectónico e museístico de “A Mangallona”, para recrearse nel e ofrecerllo á Humanidade, cunha desmedida intención e convencemento de transformala, de crear ese idílico mundo desexado, en paz e respectuoso, con indiferenza de cores, razas ou credos, quizais utópico, pero no que Camilo cre e cuxa mensaxe desexa imprimir en cada obra, pois el entende que a Arte non debe cingirse a un



“ Cada pincelada é unha mensaxe de paz

simple pracer estéril senón contribuír á mellora e ao benestar social.

Viaxaremos por esta difícil senda a través dos comentarios de críticos de arte, escritores ou poetas, artistas, personaxes ilustres ou simplemente compañeiros, que investigaron e estudaron en maior ou menor profundidade a súa vida e obra, dedicando gabanzas ao seu traballo e constancia, todos esplendidamente relatados, baseándose na profesionalidade, entrega e na proximidade ao personaxe.

Pregúntome: seremos capaces entre todos de transmitir a súa mensaxe?

É obvio que Camilo é un ser humano, distinto pero humano, debaténdose constantemente entre a frustración dunha realidade que non comprende e a procura dunha utopía que ocupou gran parte da súa vida: a concordia, a paz e o respecto, o equilibrio entre home e natureza, un binomio tantas veces quebrantado que o arrastran a unha incesante loita entre a desatinada realidade e a inesgotable pelexa por remediala, na medida do posible, tanta inxustiza emanada dos grandes poderes, dos grandes imperios, contra os que el utiliza a Arte, como ferramenta de combate.

Todo canto fai está concibido para cando el non estea, a súa obra será a súa mensaxe -cada pincelada é unha mensaxe de paz-, é a súa maneira de vencer, a derradeira batalla, a súa vitoria.

O anecdótico quedará esquecido, pero a súa obra permanecerá.

Todo o que escriban agora, todos os datos que se acumulen serán o seu salvoconduto para que poida morrer pero sen deixar de existir, a súa obra permanecerá viva e con ela seguirá existindo el (ou a súa lenda), unha pegada que seguirá na memoria da xente, do espazo, do tempo. Esa será a súa inmortalidade.

“A Mangallona” será o seu mausoleo, a súa pirámide, o templo que acollerá toda a súa esencia: a súa Obra, a súa única razón de vivir. Insisto: seremos capaces entre todos de transmitir a súa mensaxe?

Seremos capaces de nos achegar a ese Camilo que se transforma baixo a luz do sol, mais sobre todo cando o alumea a lúa, cando o silencio se fai masa e o esmaga, cando os vapores dun líquido vermello lle abren a súa alma e lle deixan escapar todos os demos que a súa razón mantén atados?

Darémonos achegado a ese Camilo abstraído entre pigmentos, en soidade, navegando por un mar de barreiras brancas, onde só mergullando pode atopar a saída?

Talvez só nos deamos achegado nos bicos dos pés. Talvez só debamos entender que non é o que vemos senón o que será, intuímos que todos e cada un de nós, sen excepción, igual somos só momentos da súa vida para chegar a cumprir esa verdade absoluta, a única que o mantén incansablemente na loita, a súa.

Cada un dos que aportan a este proxecto os seus comentarios, farao baixo a súa propia experiencia, a súa sensibilidade e o seu coñecemento.

Cada un verá un Camilo diferente. Sen dúbida todos, absolutamente todos, coincidiremos en que se trata dun ser irreplicable.

M. Jalda







Na procura dun mundo propio

Ramón Rozas



Vista de "A Mangallona"

"A Mangallona". Un territorio íntimo, un universo de creación e de reafirmación persoal. Unha conquista á que se chegou tras décadas vividas cunha intensidade arrebatadora, unha forma de entender a vida que cómpre pillar polo pescozo e extraer todo o seu zume. Camilo Camaño Xestido fixo xirar toda a súa existencia desde a procura dun mundo propio, na consecución dun país no que ondee a bandeira da liberdade, da paixón pola creatividade e a inspiración para xerar unha traxectoria artística aferrada á realidade, consciente do seu poder como relato dunha vida, notario dun arredor diante do que o autor se desarma de maneira abrupta. Non hai medias tintas, e a conexión deste artista co seu círculo máis inmediato é o alicerce de quen entende a cultura como unha herdanza á Humanidade, unha entrega sen límite de horas, días, meses e anos para rexistrar a nosa realidade mediante o nexo directo que convocan familia, veciños, terras, ríos, mares, mon-



tañas ou ceos, onde en boa medida se pecha a verdade do ser humano, o espello diante do que nos descubriremos a nós mesmos.

Todos eles son os lindes desa nación chamada “A Mangallona”, casa-museo onde se acubilla o maior logro dun home, o resultado dunha aventura que se desprega desde aquelas pinturas iniciáticas ata unha depuración formal conceptualizada en base á desintegración de todo aquilo superfluo, nunha consecante aproximación á obra de arte como afirmación da confianza do artista no que necesita no seu traballo para ser fiel a si mesmo, ao que lle confire a entidade de creador. Autoafirmación imprescindible para sentir a autenticidade da obra, o reflexo do convencemento de que o traballo debe responder a unha seguridade no que se fai, o resultado final dun complexo proceso que salta da mente ao lenzo, do interior do ser humano ao papel, do privado ao público. Chegar ata aquí supuxo moitas loitas, moitos combates entre o pensamento íntimo e o que debe ser exhibido, a decisión entre un camiño e outro.

Camaño Xestido sempre tivo claro por onde descubrir malia as moitas encrucilladas polas que transitou e consciente desa pulsión polo máis próximo e pola implicación do individuo coa sociedade, e é por iso que a súa obra moitas veces non tivo nada doado desenvolver esa

conexión co poder, con aqueles que teñen a facultade de potenciar e presentar aos demais o traballo dos que teñen ese don artístico. Pero o compromiso do autor coa súa obra, impídelle atender outros rexistros máis protocolarios, e precisamente desde esa implicación é desde a que o traballo medra e se reafirma, obtén a madureza necesaria para defenderse a si mesmo, para vivir en solitario, orgulloso do seu potencial, do seu valor e compromiso con todos nós.

Así é como se presenta a obra de Camilo Camaño Xestido, altiva nestes momentos nos que se fai necesario mirar cara atrás e confirmar como aquela inicial pintura que estaba formando a un pintor, de tons costumistas e naturalistas, sufriu un proceso de maduración que a facía máis segura de si mesma e das súas posibilidades. A súa pintura conducíase así a un territorio da abstracción contestatario con outras realidades máis evanescentes, cativadoras de mentes agradecidas cunhas



novidades de escaso calado conceptual, superficialidades que pouco tiñan que ver co pacto acadado pola súa pintura coa realidade, a que nese momento o levará a denunciar o que sucede cun boom urbanístico de fatais consecuencias para o noso litoral, pero tamén para deixarse levar por problemáticas de índole mundial, onde se rastrea a dignidade do ser humano, como na súa serie sobre a caída do Muro que el denomina Serie Negra Berlín. Dignidade, a palabra clave da súa obra, aquela que o levou a realizar un conxunto de representacións dunha cor de pel diferente, pero dunha alma como a nosa; a súa visita á América Negra permitiulle ao autor descubrir unha nova realidade, unha textura, unha cor, uns matices tan arredados das brétemas e verdes da nosa terra, como próximos para quen tantas veces se deixou levar polo retrato cal sinopse dunha vida, eséxese de seres humanos que nos seus rostros condensan todo o seu ser.

O retrato é o gran xénero do traballo de Camaño Xestido. El aínda non o sabe, convencido de que eses apuntes non deixan de ser nun primeiro momento ensaios coa súa destra man, exercicios dun pintor obrigado por si mesmo ao contacto diario co caderno, cuadrilátero persoal onde probar-



“ A Pedra Moura, cordón umbilical coa familia, coas lendas dun territorio (...)

nunha mirada que o autor soubo captar de maneira maxistral, gran parte deles acompañano arredor dun altar de pedra. Si, como o escoitan: unha enorme pedra redondeada rodeada de olladas que repousan agora sobre dela como antes fixeran nesas verdes ou azuis do exterior. É A Pedra Moura, cordón umbilical coa familia, coas lendas dun territorio transubstanciadas na pedra e o seu poder telúrico en conexión co home, tantas veces acougado no seu humor con este tipo de elementos xurdidos das entrañas da terra.

De novo a realidade inmediata, un exterior sempre presente que motivou a reflexión do artista, ou neste apartado concreto do fedatario dun patrimonio tanto material como inmaterial, consubstancial a este Morrazo protector do corpo e alma. Así é como Camilo Camaño se preocupa de trasladar ao lenzo arquitecturas, danzas ou costumes da comarca, unha obriga moral para quen estes elementos se rexistran así de maneira eterna. Unha especie de álbum fotográfico construído con debuxo e pincel que establece o amor e o respecto do autor por esta riqueza da comunidade, dunha colectividade non sempre coñecedora e defensora deste tipo de tesouros que deste xeito teñen un plan B de cara a súa pervivenza futura.

Xunto a eles temos diferentes traballos relacionados con argumentos tradicionais do ámbito pictórico, como o bodegón ou a paisaxe, que van completando unha obra fundamentada en vencellarnos co seu poder de atracción, ou recuperando unha frase do imprescindible pensador John Berger *“nunca miramos só unha cousa; sempre miramos a relación entre as cousas e nós”*.

Vista de “A Pedra Moura” (fragmento)





As primeiras pinceladas

Aquel neno na escola esborrachaba unhas cuartillas ante a necesidade de comezar un camiño de expresión, un vieiro polo que debuxar toda unha vida e realizar un labor para a que parecía predestinado. A partir desa escolarización comeza a escribirse toda unha traxectoria creativa, fundamentada nesta orixe pola lóxica, pola plasmación de todo aquel universo que rodeaba ao xove artista. Tipos populares, ambientes rexionais, rostros próximos, autorretratos, bodegóns, espidos, a natureza... A man de Camaño Xestido comezaba a descubrir a suntuosidade da pintura, ese milagre capaz de representar a realidade e encerrala nun espazo bidimensional, mentres a súa mente se aprestaba a conquistar os territorios da intimidade e da veracidade que todo xove creador busca reflectir nun primeiro momento. Son os cadros desta época auténticos exercicios pictóricos, coas súas glorias e os seus fracasos, pero todos eles son un respiro para aquel rapaz que xa non detería o seu pincel. A pincelada curta e intensa, vibrante na súa plasmación déixase levar por unha pintura costumista de eminentes raíces naturalistas. O pintor francés Millet comentaba: *“Pintando unha paisaxe pensaredes no home, pintando o home pensaredes na paisaxe que o rodea”*, afirmando así a íntima relación entre o ser humano e a súa contorna, esa natureza que o acubilla e ampara, chegando a funcionar como unha mímese entre eles. Ámbolos dous son o tema que máis preocupa ao noso protagonista e así as corredeiras ou os recantos rurais confúndense coa figuración sen un tránsito manifesto e diferenciador na pincelada, denotándose en certos aspectos como unha pintura en proceso, unha aprendizaxe que continuaba co ensaio desde aqueles xéneros habituais para o pintor como o bodegón, o retrato ou o espido. Neles comeza Camaño Xestido a calibrar as súas posibilidades, a adestrar a súa man no traballo dos perfís, os volumes, as perspectivas e sobre todo na distribución dos elementos dentro do cadro, a que será a súa gran preocupación formal ao longo da súa carreira, con independencia do tema ou o período que analicemos.

O cadro entendido como un lugar de reflexión, de procura dun equilibrio entre todos os seus compoñentes para obter unha resultante que sobre todo deixe satisfeito ao artista nas súas pretensións. A todo iso engádeselle a cor, predominantes os tons fríos, verdes e azuis que sintetizan sen excesivas gradacións a realidade do exterior, esa na que o pintor se refuxia como un obradoiro aberto ao mundo ao que a partir de agora irá conducindo a súa ollada, cada vez máis convencido da importancia do intercambio de percepcións, do debate de ideas e miradas, aproximacións a novas realidades que permitan engrandecer un horizonte que as augas salgadas que bañan o seu territorio máis próximo parecían convocarlle coma cantos de sereas para viaxar e ampliar perspectivas.

Así é como Camilo Camaño Xestido iniciará o percorrido do mundo; non só ese que buscaba construír desde a súa pintura, senón tamén o enorme tapiz universal de historias e rostros, de xentes das que beber para seguir crescendo e que tanto han influír no seu traballo posterior,



en moitos casos definido polos contactos interculturais. Non corramos de máis: o propio pintor lembra, diante das présas, a emblemática figura do pintor marinense Manuel Torres co que tivo estreitos vínculos. Antes de derrubar a casa na que se vai convertendo a súa obra había que construíla, e iso é o que está facendo o noso protagonista: crear unha gran casa. Un refuxio para a eternidade.


Serenos móstranse os seus bodegóns, sempre unha auténtica proba de fogo para o pintor. Eses froitos, en ocasións rodeados de obxectos, son todo un canto á pintura e ao seu valor como xénero tradicional, destacando como, diante duns fondos neutros, toda a nosa atención debe residir no representado, no presente, froitos e obxectos que como dicía o propio Cézanne cambian constantemente, permitíndolle ao artista unha e outra vez descubrir matices, cores e formas, así como a relación destes co espazo, o que para Camilo Camaño constitúe un exercicio obrigado dentro das súas pretensións pictóricas. Unha obrigaón para entenderse a si mesmo



O cadro entendido como un lugar de reflexión, de procura dun equilibrio (...)

como pintor. E así será a partir de agora e ao longo das súas diferentes etapas nas que nos atoparemos con diferentes bodegóns que, desmaterializados e camiñando en novas direccións formais, gañarán en axilidade e nunha plasmación máis intelixente dos diferentes volumes, pero sempre pendentes de concretar espazos e analizar posibilidades, moitas delas posteriormente extraídas e aplicadas a outro tipo de obras establecéndose un proceso alimenticio entre todas elas. E o retrato, o outro gran exercicio pictórico 'per se' xa presaxiaba o que veremos nun futuro, a inmensa capacidade do artista para captar o personaxe e mostralo recollido nun rostro. Ese interese polo ser humano e todas as súas perspectivas serán o impulso do pintor por rodearse de rostros e máis rostros, retratos de personaxes próximos que se irán convertendo en habitantes dese mundo que nestes momentos Camaño Xestido comezaba a crear.





O camiño da abstracción

Os anos setenta, tan convulsos como apaixonantes desde o punto de vista artístico, propuxeron un xiro de gran transcendencia na pintura do noso protagonista. Este país, aínda moi illado dos influxos do exterior, asistía, en moitos casos perplexo, á diversidade de accións que dinamitaban os postulados tradicionais da arte e permitían asomar as novas correntes artísticas, moitas delas emerxentes desde o capitalismo máis feroz, xerando obras que en moitos casos eran cuestionables como tales, suxerindo un debate sobre a súa validez ou non dentro da sociedade. As famosas caixas de brillo de Andy Warhol, son o epígono desta situación: a exposición pública dunhas caixas simuladas de deterxente demostrou que todo pode ser arte. Orixínase desde estes momentos un debate de nivel global sobre o valor da arte e o que debe ou non ser considerado como tal no que tomaron parte pensadores como Arthur Danto, quen chegou a precisar que *“Nada é unha obra de arte sen unha interpretación que a constitúa como tal”*. A partir de aquí moitos artistas rebélanse contra esa invasión masiva dunha arte baixo a cal non encontran nada, un baleiro conceptual que se dirixía contra o propio individuo. Camilo Camaño inicia así unha espectacular reacción dentro do seu universo creativo ao variar de maneira radical a pintura que viramos ata este momento. Colocado ante un precipicio, decide saltar como acto de insurxencia diante desas vacuas manifestacións artísticas e os seus cadros despoixáronse de calquera presenza humana, só a mancha e unha cor cada vez máis acantoadas comezan a formular unha nova dirección que en gran medida chega ata o día de hoxe: a consecución da pureza da obra mediante a eliminación de todo aquilo superfluo e enganoso co espectador.

Cada vez máis desprotexidos, os cadros desta época móstranse asombrosamente poderosos, cheos dunha maxia que nos atrapa e que incide na nosa presenza comprometida diante da realidade dese mundo exterior. Pero Camaño Xestido vai máis alá; enfebrecido pola deriva da nosa sociedade, os seus cadros converteranse en xeografías dun novo problema social, dunha sombra no noso territorio desde esa ferida mortal que afecta a este ámbito que o circunda e que xa citamos como inseparable da súa obra artística. Refírome á especulación urbanística, ao dinamitado das nosas costas, mediante un choque de direccións onde a horizontal, calma e pacífica, convértese nunha axitada vertical que trastorna a paisaxe reverencial ao que nos asociáramos ata este momento. Algo moi difícil de asumir desde a sensibilidade do noso protagonista. É por iso que esas paisaxes desasistidas das súas obras veránse fragmentadas por berros de dor, exabruptos concienciadores cos demais pero sobre todo terapias para un mesmo. Paisaxes capaces, mediante a representación de diferentes liñas oblicuas, de seccionar a realidade ao igual que esas edificacións seccionan as nosas paisaxes. Camaño Xestido emprende así o camiño do compromiso desde o artístico, amenceres, anoiteceres, horizontes implicados na súa propia defensa, un canto feito desde unha dialéctica moderna e do seu tempo, é dicir, desde a pura pintura. Varios anos despois, este discurso entroncará con outro dos feitos fundamentais da nosa historia, a caída do muro de Berlín, acto conciliador do ser humano que superaba así unha das súas eivas máis vergoñentas en pleno

“a pureza da obra coa eliminación de todo o superfluo (...)”

século XX. A presenza de Camilo Camaño ante el lévaio a crear unha nova serie que se move, desde o punto de vista formal, naquilo que estivemos analizan-

do durante estas liñas, pero con dúas destacadas diferenzas: por un lado a integración do elemento cromático como parte esencial da súa plasmación, e por outro a radicalización dese berro visual. Agora as simples liñas convértense en feridas, como as que ese muro inflixiu aos seus veciños durante décadas, polo que se cravarán na obra ao igual que na alma humana. Estragos nunha superficie danada pero consciente do seu papel e a súa significación dentro dun discurso, o do compromiso.

Pintor de contrastes, Camaño Xestido non se limita a un único ámbito de expresión, e sorprende, xunto a estas obras, a creación dunha extraordinaria galería de retratos, pero non uns retratos calquera, senón todo un grupo de personaxes que o artista coñeceu nas súas viaxes transoceánicas. Alí, marabillado por unha nova raza, por unhas texturas e cores diametralmente opostas ás da nosa rexión, non dubidou en compoñer un conxunto de pezas dunha enorme mestría, un trazo preciso capaz de definir rostros e corpos xestionando unha nova realidade fascinante e con unha gran capacidade de atracción para o noso pintor, xa para sempre gañado por esa raza. Grupos de persoas, nais abrazando aos seus fillos, ou fermosos corpos de mulleres singularizan unha nova forma de ver o mundo desde o brillo dunha pel que suxire a proximidade e amabilidade dos representados.

Retomamos o sendeiro da abstracción: aquela pintura inicialmente contestataria xa afirmou o seu valor por si mesma, madurou, e en pleno proceso de consolidación inténrase polas vertentes dunha xeometrización sintetizadora do real coa eterna preocupación pola composición da obra. Liñas que atravesan o lenzo ata o punto de produciren unha deconstrución do mesmo, unha sucesión de planos que colman de lirismo e poesía estes traballos en aparencia tan sinxelos como complexos á hora da súa realización e interpretación. Postulados constructivistas cheos tamén de musicalidade, como a que orixinou gran parte desta corrente de vangarda desde o traballo de nomes coma Kandinsky, e que en Camaño Xestido tamén ten moito que ver dado o seu profundo amor polo apartado musical -defensor teimoso do folclore popular e da súa preservación de cara a xeracións futuras, así como concitador de numerosas veladas musicais para achegar diferentes manifestacións musicais ao pobo- como veremos en obras vindeiras, onde esta parte da cultura terá un gran protagonismo. Estas obras estarán cargadas de dinamismo, de música e cor, segmentos e liñas que como corcheas parecen retomar unha certa confianza no ser humano que se perdera nas obras abstractas precedentes. Un espírito xeométrico revitalizador da aposta no home e unha nova maneira de ordenar e comprender o universo.





O retorno á realidade
e algo máis...


Volven as augas ao seu rego, a deriva supera dúbidas e medos e Camilo Camaño retorna a unha pintura máis realista, e para elo qué mellor que acubillarse baixo o manto protector da natureza. É a quenda dos seus grandes ramos de flores, a exaltación dun dos motivos máis sinxelos do medio natural elevado agora a protagonista absoluto da obra. Grandes matas de flores que permiten ao pintor seguir reflexionando sobre os matices da luz e a cor, ademais de realizar unha nova homenaxe a un dos seus motivos máis amados, esa natureza á que tantas horas concede Camaño Xestido nunha permanente terapia rexeneradora de espírito e mente. Nin un só día do ano sae o noso protagonista á rúa sen un motivo floral ou vexetal no ollal da lapela da súa chaqueta, un aceno de permanente ofrenda a esa nai eterna que tanto nutre a súa persoa e a unha obra con constantes vínculos con ela. Estes grupos florais enchen e esgotan o espazo da representación, crean unha gran masa vexetal que ateigan o lenzo nunha barroquizante composición enxalzadora da flor, das súas virtudes estéticas, pero sobre todo da súa beleza transitoria, do seu carácter caduco nunha natureza na que unha sinxela flor parece quedar relegada a un papel secundario e á que Camilo Camaño coida como se se tratase da máis alta composición da natureza, unha arquitectura natural de infindas posibilidades.

Falamos de arquitecturas, doutras arquitecturas, as executadas polo labor do home, pero non duns homes calquera, senón daqueles creadores que supuxeron un fito na nosa historia construtiva, xenios que causan a admiración de Camaño Xestido. Estamos falando dos Molezún, Gaudí e sobre todo Antonio Palacios, ao que dedica unha espectacular serie sobre un dos seus edificios máis representativos, o Templo da Veracruz do Carballiño, unha singular arquitectura, audaz e polo tanto arriscada, configuradora dun estilo propio que se estableceu como único e singular do arquitecto galego. Conformado como un gran mosaico, cada un dos seus paneis é unha mirada fragmentaria a ese conxunto no que nos damos conta da xenialidade do seu creador, de como analizaba espazos e formas para realizar unha fascinante arquitectura que a todos nos abraia e na que Camilo se illa en moitas ocasións ao igual que antes facía na natureza. Aman-te da arquitectura, esta parte da súa obra exerce de notario dunha realidade, dun patrimonio material que desta maneira queda impreso para a eternidade, ao igual que aquelas humildes flores agora son as igrexas da súa bisbarra, fermosas arquitecturas entre o popular e unha relixión de aldea, de pedras picadas polo salitre e costumes ancestrais. Imaxinería entre a que se criou o noso artista, lendo nos seus tímpanos, escoitando as súas campás, apalpando os seus grosos muros tinguidos de humidades. Adros de xogos infantís, miradas proustianas que recuperan ao Camaño Xestido da súa nenez, patria eterna do ser humano en palabras do poeta Rilke, pero para o noso pintor ademais é o rexistro fotográfico dun tesouro. Un menú de cultura e arte que deberá ser saboreado polas xeracións vindeiras que quén sabe se poderán seguir a gozar desas arquitecturas moitas veces abandonadas polo propio home. O mesmo podería dicirse do patrimonio inmaterial, músicas e danzas, tan frecuentes na bisbarra do Morrazo, e das que Camilo

Camaño é un férreo defensor así como difusor das súas bondades, e non só das artísticas, senón tamén desa condición sentimental de apego á comunidade. Un nexo entre cidadáns que os vencella co pasado e os fai fortes nese sentimento de pobo. Ver a súa serie sobre as danzas supón presenciar un espectáculo intimamente ligado a este territorio, unha representación realista que serve como fedatario daquilo que a punto estivo de perderse na noite dos tempos. Especial importancia se lle concede ao papel da muller, tantas veces xebrado neste tipo de circunstancias e das que Camaño Xestido é firme defensor. Primeiros planos de xoves danzando cos tocados propios das vestimentas desta zona, amósanos unhas mozas ledas e seguras da súa actividade. Algo agora xa plenamente aceptado non o era tanto cando o pintor se decidiu a reivindicar a súa posición igualitaria co home.

É a música outro dos poderosos atractivos que a vida ten para Camaño Xestido. Non son poucas as citas que teñen lugar na súa patria de “A Mangallona” para que veciños e amigos se refuxien á mornura dunhas notas musicais. Agromen estas de instrumentos vencellados ao noso folclore ou de elementos máis clásicos, a música é o acompañamento ideal para o ser humano. Así asistimos a unha fermosa serie de pinturas onde os instrumentos musicais se dispoñen pola superficie do lenzo, un bodegón actual que homenaxea a outro gran pintor, Juan Gris; aparecen así diferentes instrumentos colocados de maneira alegre na obra, traballos ateigados de frescura que derivan nun conxunto de bodegóns cheos de forza e capaces de transmitir o valor da boa pintura, esa que xurde dun instante de inspiración, froitos, obxectos, mobles, que van salpicando o cadro de lampexos do bo pintor que sabe recoller e conxelar un instante de vida. O mesmo podemos dicir dos seus achegamentos nestes momentos á natureza, pequenas paisaxes, apuntes de motivos que xorden de maneira espontánea, pincelada solta e libre. Unha liberdade que lle concede á obra ese carácter natural, intranscendente se se quere, ademais de mostrarnos un traballo cheo de sinceridade. E é, desde esta sinceridade, desde a que debemos entender os últimos plantexamentos de Camaño Xestido, as últimas pescudas dentro dunha obra cada vez máis pura, máis plena de verdade con unha adecuación á grande preocupación que sustenta o seu quefacer artístico; é así como a obra aparece cada vez máis libre, cada vez máis esencial, cada vez máis esencia, nunha permanente necesidade de pulir a linguaxe, de dicir máis con menos, de liberar de atavismos a obra de arte. A superficie debe mandar, e ese branco orixinal erixirse como a conquista suprema dun discurso onde todo parece conducir a pechar o círculo, a buscar na obra aquilo que fai tantas décadas motivou ao Camilo mociño para realizar nunha cuartilla, sobre un pupitre escolar, o trazo dunhas liñas que logo se multiplicarían nunha carreira tan singular como suxerinte. Aquel branco motiva unha obra de pequenos xestos, de motivos case orientais que fan suspirar ao noso artista por exculpase consigo mesmo e sobre todo con nós mesmos. Humanidade que ao fin e ao cabo somos os verdadeiros depositarios do seu traballo.





Rostros, olladas,
xestos e esculturas

É o retrato un dos grandes temas do conxunto da obra de Camaño Xestido, ata o punto de conformar unha impresionante galería de rostros, caras unhas máis e outras menos coñecidas pero todas elas cunha vida detrás, cunha existencia na que o noso artista é capaz de se mergullar unicamente armado dun lapis ou un carbón. Acceder a esa especie de templo ao redor da Pedra Moura supón internarse nunha reunión de xentes que foron observadas, escrutadas polo certo ollo de Camaño Xestido para posteriormente seren inmortalizadas nunha obra de arte. Nun ser renacentista como o é aquel de quen escribimos, o retrato devén unha sorte de recuperación daqueles artistas dun tempo definitorio da historia da arte na configuración dunha nova forma de representar á sociedade. Se o Renacemento se enforcou no retrato como método de representación das novas elites urbanas e económicas, a Pedra Moura convertese nun templo humanístico, de seres cuxa importancia non radica en que sexan máis ou menos coñecidos, senón en que son importantes en tanto en canto forman parte da nosa comunidade. Son integrantes dunha forma de vivir e de sentir, cada un dentro da súa propia configuración social, pero igualados desde que se penduran nestas paredes. Camilo Camaño sedúceos a todos eles desde o seu maxistral dominio do lapis, dun debuxo definitorio de riscos e elementos, pero sobre todo de almas, daquilo máis íntimo que só quen se arma da forza necesaria por pescudar na persoa é capaz de extraer delas. O retrato concéntrase no personaxe, evádeo da realidade, sen outros aditamentos, un papel en branco do que xorde o ser humano, una especie de sudario que levará a eses representados á condición de eternidade, que a arte, desde o seu misterio creativo é quen de alcanzar.



maxistral dominio do lapis, dun debuxo
definitorio de riscos e elementos, pero
sobre todo de almas, daquilo máis íntimo
(...)

Esa gran pedra mítica e ancestral é a gran escultura que abraza a Camaño Xestido, o retorno a un pasado sentimental e formativo, mais por riba de todo vivencial. Pero “A Mangallona” ten outras esculturas, as que o propio artista foi quen de executar no decorrer dunha vida onde a arte o conduciu por diversos sendeiros. Ao igual que na súa pintura, na súa escultura produciuse unha continua evolución que foi íntima e indisociablemente xunguida a aquela; non podía ser doutra forma. A arte, tantas veces impredecible e caprichosa, neste tipo de condutas debe rexerse pola solidez e a coherencia, e aquí faino. Visitar as súas esculturas iniciais é como extraer

dos seus primeiros lenzos aquelas figuras protagonistas de escenas campeciñas ou familiares, e tridimensionais, xerar un espazo real entre elas e nós. Plenas de realismo as súas formas irán tamén desintegrándose como fixera a súa pincelada, cada vez os rostros son menos definidos e cun simple petisco dos seus dedos á materia é capaz de esbozar toda unha cara. Cando a súa pintura entra na abstracción, a súa escultura acompañaa nunha fermosa loita entre o oco e o baleiro, nunha multiplicación de planos de atrevidas propostas pero asumidas plenamente pola escultura contemporánea. Moitas das súas pezas teñen resóns do xenio Brancusi, como ese espléndido homenaxe ao seu admirado escultor Xoan Piñeiro, e outras, onde se insiren na pedra elementos metálicos, parecen xurdidas dos mestres do construtivismo, onde a integración dunhas liñas de fuga metálicas inseridas na pedra nos conducen ata o infindo, proxectando a escultura cara ao exterior. Nunca deu un paso atrás Camaño Xestido á hora de achegarse ao material e buscar as súas posibilidades escultóricas, os seus traballos así nolo evidencian e desde varios deles asistimos a unha arriscada presentación formal que non se asenta en corrente algunha, só na pretensión do artista por xerar un discurso propio.

Porque así o quixo, Camilo Camaño Xestido compuxo a súa obra en base a esa liberdade, a esa enérxica bandeira irrenunciabile que pasou por momentos difíciles pero que non deixou de ondear nunca e que desde fai algún tempo se ergueu nesa Casa-Museo, coñecida como “A Mangallona”, obra global dunha vida, secuencia pormenorizada dunha existencia afincada no terriño, no que hai de auténtico na nosa condición, e entre cuxas paredes se afirma a arte como parte esencial dunha vida, pero tamén dun posicionamento diante dela. Na crenza de que a Cultura é a elevación máxima do noso espírito, o maior tesouro que alguén pode entregar aos demais. E así o entende Camaño Xestido, quen abre as súas portas non a unha obra de arte senón a un proxecto de vida, a unha explosión sentimental cristalizada nun mundo propio e ofrecida á Humanidade. Receptora da súa obra, receptora de si mesma.







Unha viaxe do barro ao branco

Ramón Rozas

“ Unha apaixonante viaxe pola mente dun home a través dos seus pinceis que nos demostra, como as veces, un novo mundo é posible aínda que este xurda do barro e acabe convertido nun sutil fragmento branco.

Poucos artistas cinguen a súa obra e o seu traballo ao seu ámbito máis inmediato tanto como o fai como Camilo Camaño Xestido. É por iso que a súa obra e a súa vida aparecen invadidas por unha serie de meandros, que unha e outra interfírense entre si. Unha mestura de auga doce e salgada que o que fai, como sucede na propia natureza, é outorgarlles tanto a esa obra como a súa vida unha riqueza singular, ao igual que sucede nas nosas rías; e lembramos que o noso protagonista vive entre dúas delas. Rías de Pontevedra e Vigo (ese Mar de Coiro como lle chama Camilo Camaño) que acolmatan nas súas beiras unha vida propia enraizada nas súas xentes, nun humanismo imprescindible e dunha singular idiosincrasia necesaria para explicar, achegarse e entender a súa obra. É por iso que afondar en “A Mangallona” require tamén dun tempo de conversación, espaciar os minutos de visita co diálogo cun personaxe prolongación da súa propia obra.

Sentarse diante nunha mesa no obradoiro do artista, miolo da cuestión, o paritorio de todo este conxunto de traballos, é máis que necesario para que eses bodegóns, esas vistas da ría, eses retratos ou eses lugares comúns idealizados na súa pintura, completen todo o seu necesario sentido.



Camaño Xestido comezou a súa actividade artística de neno, en primaria, con cuartillas compradas por el mesmo. Naquel tempo de grises cores e escolas lastradas polas miserias do franquismo, os xoves eran días de festa, non porque houbera algo que conmemorar, non había nada especial que lembrar: simplemente ese era o día no que tocaba debuxo, o osíxeno necesario para aquel rapaz que *“precisaba debuxar como respirar, comer, ou beber un vaso de auga, era algo necesario para poder expresarme mediante o debuxo”*. Pola súa parte a escultura nacerá máis tarde, pero dunha das maneiras máis fermosas en que esta pode visualizarse para un neno; lembremos, fillo de labregos que desenvolvía a súa vida entre hortas e veigas para cuxo coidado era imprescindible esa auga que enchía de lama e barro moitos dos recunchos das nosas corredeiras. Con aquel barro comezou a xogar o escultor Camaño Xestido, converténdose aqueles modelados nas súas primeiras figuras, o que outorga a esta primeira etapa da súa arte esa inmanencia coa natureza, mediante un costumismo que reflicte e narra a vivencia daquel intre ateigado de mariñeiros e labregos. Figuras míticas, reverenciais e cun sentido totémico para o propio artista.

Chegaron as primeiras exposicións, amigos como Eirín ou Antón Sobral secundábano, producíndose o coñecemento e a admiración de mestres como o escultor Xoán Piñeiro e na pintura Manuel Torres. Comeza a hora da maduración, de deixar atrás a aprendizaxe, son as presas do xove artista, as ganas por correr, por progresar bebendo na natureza, na brisa, o aire, unha flor ou o salitre do mar. A contorna, sempre a contorna. É hora de expresarse doutra forma, deixar atrás o costumismo ou en palabras do propio pintor o existencialismo. *“Algo sen dúbida moi complexo se o queres facer de maneira consciente, non dunha forma casual”*. Son as dúbidas do artista as que propiciaron o achegamento ao mestre en busca do consello preciso que axuda a que estas se disipen. *“¡Mestre!”*, inquiriulle Camilo Camaño ao gran pintor marinense Manuel Torres, *“Como podo sentirme ben comigo mesmo facendo unha obra máis evolutiva?”*. *“Primeiro constrúe.”* -espetoulle o que fora un dos renovadores da pintura en Galicia- *“Unha casa non se pode derrubar sen ter existido antes. Xa chegará, todo chega por si mesmo”*. A iso úneselle unha serie de acontecementos que o impulsarán a se dirixir cara a novos territorios, e a eles alude o propio pintor dentro desa corrente abstracta de forte carga conceptual, na que o capital e os intereses de numerosas galerías crearon un tipo de arte resumido en *“facer calquera cosa e poñerlle un título suxestivo. A arte do todo vale, foi para min un instante moi pouco afortunado no universo da plástica”*. Xorde á hora da contestación, da rebelión diante dese mundo ianqui que nos quería vender algo a toda costa e por outro lado un afán de crítica cara á especulación urbanística, á agresión a unha natureza tan implicada co artista e a súa obra. É o seu período máis abstracto, máis complexo, pero desde o meu punto de vista o máis feliz artisticamente, cun brutal avance creativo e unha forma de denuncia que leva a súa pintura a comprometerse coa Humanidade, a afianzar un compromiso que xa será irrenunciante por él. Así entendemos estas paredes que nos acubillan e ás que uns alegres paxariños nos conceden os seus fermosos chíos como aderezo para unhas palabras ateigadas de honesti-



dade, escrutadoras da identidade dun home de soidades intencionadas, de parénteses necesarias para volver respirar ese osíxeno infantil ao que tantas veces necesita volver o artista: *“Cada día necesito facer algo, senón non me sinto ben, hai algo que me angustia”*.

